

# RECURSOS E INSTRUMENTOS

ISSN: 1887-2417  
D.L.: C-3317-2006

## Os Centros de Interpretación en Galicia: un recurso para o desenvolvemento turístico sostible?

### *Interpretation centres in Galicia: a resource for the development of sustainable tourism?*

Araceli Serantes Pazos. Grupo de Investigación Política Educativa, Historia e Sociedade. Universidade da Coruña (Galiza-España)

#### **Resumo**

*Os Centros de Interpretación son recursos para comunicar e valorizar o patrimonio, dirixidos a turistas que se achegan ao lugar no seu tempo de ocio. Son moitas as voces que os califican de despilfarro e problema; pola contra, pode tratarse dunha oportunidade para a dinamización local e o desenvolvemento turístico sostible. Neste artigo presentamos unha caracterización dos centros existentes en Galicia e da súa potencialidade, como o primeiro paso para unha planificación e coordinación estratéxica do sector.*

#### **Abstract**

*Interpretation centres are resources to communicate and give value to the heritage, aimed at tourists who come to the place in their leisure time. There are many voices which qualify them for waste and problem. On the contrary, it may be an opportunity for social promotion and the development of sustainable tourism. In this article, we present a characterization of the existing centres in Galicia and its potential as the first step in a strategic planning and coordination of the sector.*

#### **Palabras chave**

*Centros de Interpretación; Interpretación do Patrimonio; Galicia; Turismo; Sustentabilidade.*

#### **Key-words**

*Interpretation centres, heritage interpretation, Galicia, tourism, sustainability.*

## Introdución

A *Interpretación do Patrimonio* (IP) é unha técnica de comunicación estratéxica aplicada a valorizar lugares e bens de interese patrimonial (natural ou cultural), é dicir, *“unha forma planificada e consciente de dirixir mensaxes a un determinado público do que se espera unha resposta”* Araceli SERANTES (2010:1b). Para Sam H. HAM (1992:3) trataríase de traducir do linguaxe técnico conceptos e ideas que os visitantes sen coñecemento científico podan entender. O obxectivo é desvelar o significado e a importancia do lugar para que as persoas que o visitan podan gozalo e colaboren na súa conservación. O público obxectivo son os visitantes que aceden no seu tempo de ocio.

Freeman TILDEN é considerado o pai desta disciplina porque sistematizou por primeira vez unhas prácticas que, de forma intuitiva, viñan desenvolvendo os guías dos espazos naturais protexidos, dos museos, dos xacementos e doutros lugares de grande atractivo para o turismo; este autor define a IP como *“unha actividade educativa que pretende revelar significados e interrelacións mediante o uso dos obxectos orixinais, experiencias de primeira man e medios ilustrativos, en lugar de simplemente transmitir a información dos feitos”* (Freeman TILDEN, 2006:35). Marcelo MARTÍN entende que *“a interpretación é unha ferra-*

*menta mais dentro da tarefa de vincular o patrimonio coa sociedade”* (2000:4).

Os ámbitos de actuación máis frecuentes son: (i) os procesos de revalorización dos bens culturais, (ii) a promoción do desenvolvemento local, (iii) os programas de educación ambiental e patrimonial, (iv) o turismo cultural, turismo rural ou ecoturismo e (v) a xestión dos bens patrimoniais (Figura 1).



Figura 1: Ámbitos de actuación da Interpretación do Patrimonio.

O turismo, como actividade económica, está en permanente crecemento e sofre profundos cambios, tanto na demanda de produtos como de destinos, podendo pasar da masificación ao esquecemento nun curto período de tempo. A Organización Mundial del Turismo (OMT) prevé que o número de turistas seguirá aumentando nas primeiras décadas do século XXI. Algunhas das razóns deste crecemento débense ao incremento do poder adquisitivo, a evolución cultural das persoas, a dispor

de maior tempo de ocio, a novas crenzas e a outros hábitos no consumo turístico (Ana GONZÁLEZ, Laurentino BELLO e Norberto MUÑIZ, 2000:60).

A actividade turística comeza a ser relevante a partir dos anos 60 do século XX, baseada exclusivamente no crecemento económico, o que orixinou importantes transformacións territoriais, a configuración de novas realidades e impactos sobre a poboación local. A partir dos anos 70, comezará a falarse do concepto de “sustentabilidade”, término que se popularizou a partir da *Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento* (Río de Xaneiro, 1992). No FORUM DE BARCELONA (2004) recoñeciase que *“o turismo non pode ser visto só en termos de riqueza e ocupación senón que pode fomentar a educación e estimular a conservación da biodiversidade e de patrimonios culturais que son, xustamente, os principais reclamos turísticos. Para iso necesitamos un modelo que concilie a competitividade coa conservación do patrimonio, aproveitando as oportunidades de coñecemento e intercambio que ofrece o turismo e minimizando o seu poder destrutor”*.

Existe unha demanda continua de novos destinos, de innovación nas ofertas, de creación de experiencias singulares e de diversificación de produtos. A IP, a través dos procesos de planificación interpretativa, axuda a identificar, crear, ampliar e diversificar estes produtos turísticos ba-

seados na singularidade e na identidade dos lugares. Tim MERRIMAN valora que a IP axuda a crear un valor engadido, *“axuda a crear unha sensación de lugar”* (2000:6).

Temos referentes do emprego da IP para o desenvolvemento turístico sostible e como estratexia para evitar o seu impacto negativo. David UZZELL (1998:11) afirma que esta disciplina tivo un papel relevante na rexeneración de zonas rurais a través do turismo e de programas de conservación. Pola súa banda, Jorge MORALES (2001:64) sinala que a IP incorpora ao turismo certas plusvalías: *“inixecta recursos, crea novas e interesantes posibilidades e proporciona unha “aceptabilidade política” ao asociar interpretación a unha industria moi favorecida”*. A IP, a través dos procesos de planificación interpretativa, axuda a diversificar, ampliar e crear “novos produtos” baseados na singularidade e na identidade dos lugares. Este concepto en IP denomínase “alma do lugar”.

Os *Centros de Interpretación* (CI) son un dos recursos para a IP; trátase dunhas instalacións fixas, que se converten nun referente para os visitantes, que atopan información e servizos para satisfacer as súas demandas. Soen estar localizados no mesmo espazo no que se atopa o recurso patrimonial, en emprazamentos que aseguran o goce, sen poñer en risco os seus valores.

## Formulación da investigación

---

Neste traballo adiantamos algúns resultados da procura de boas prácticas nos CI de Galicia. Trátase dun estudo de avaliación de carácter indutivo que persigue unha dobre finalidade: por unha banda, identificar, clasificar e categorizar os CI galegos e, por outra banda, identificar e analizar as fortalezas e as debilidades de cara a crear un banco de *experiencias de éxito en IP*. Neste artigo adiantamos unha caracterización dos mesmos. En este sentido, Rob WALKER (1997:179-180) anima a presentar avances, borradores e breves conclusións dos estudos aplicados, como unha maneira de organizar e seleccionar o material que xurde no proceso de investigación. Este é o sentido que queremos darlle a esta echea.

A mostra que presentamos a constitúen os CI galegos visitados até xuño 2012, é dicir, 153 centros. A información recolleuse “in situ”, a través do rexistro de observacións que atendía a unha serie de categorías, e de listas de control que permitiron valorar outras informacións relevantes; tamén fotografáronse as instalacións e moitos dos recursos existentes, e recolleuse material impreso.

Trátase dunha investigación de carácter educativo aplicado, cualitativa e interpretativa, porque o obxectivo é identificar boas

prácticas, comprender porque funcionan determinados recursos comunicativos e descubrir patróns que axuden a avanzar na materia.

## Centros de Interpretación: definición e características

---

Os CI son as instalacións fixas que serven de referencia para as persoas visitantes que buscan información “in situ”, previa a visita a un recurso ou lugar de interese patrimonial, o que lle confire un grande valor estratéxico de cara á xestión do recurso. Trátase de distintas infraestruturas (edificios, instalacións, roteiros...) creadas para provocar no visitante o desexo de coñecer o lugar; súa función e desvelar o significado dese patrimonio, axudar a comprender o que van a visitar, favorecer o goce a través do contacto cos obxectos, reproducións, maquetas, exhibicións, proxeccións... (Araceli SERANTES, 2010a:187). Súa finalidade é que participen (activa ou indirectamente) na conservación do recurso.

Con frecuencia, están emprazados no mesmo lugar no que se localiza o ben, o que lles confire un estatus de “recurso contextual”. Son fáciles de identificar porque teñen deseños rechamantes, as veces excesivos (Fotos 1 e 2). Marcelo MARTÍN (2008:5) entende que estes centros deben dar resposta a unha necesidade recollida



Foto 1: Centro de Interpretación da Arte Rupestre de Campo Lameiro (Pontevedra)

Foto 2: CIELGA de Riveira (A Coruña)

no Plan de Ordenación do Uso Público, polo que seu emprazamento debe axudar a reducir ou eliminar o impacto da afluencia de visitantes, é máis cando se trata de lugares sensibles. Os CI teñen a virtude de concentrar aos visitantes en puntos controlados e menos vulnerables.

Desde os CI facilítase información –relevante– para apreciar e poder gozar do recurso, ao tempo que ofertan *outros servizos* (outras ofertas na contorna, información de aloxamentos e servizos de hostalería, sobre o transporte...), garantindo un bo uso e sen poñer en riscos os seus valores; mais os CI non son Museos (non teñen obxectos reais, e os que os teñen, non contemplan como misión a custodia e investigación dos fondos), aínda que compartan algúns dos seus fins: comunicación e divulgación do patrimonio, programas didácticos, oferta educativa, xestión do fluxo de visitantes... Carlos FERNÁNDEZ BALBOA (2007:128) entende que o CI *“non ten como obxectivo a conservación e exposición de obxectos, se non a motivación, orientación e comprensión do público para*

*un mellor aproveitamento e control das accións que se desenvolven dentro da área de preservación”* .

A finalidade do CI é que ocorra algo “entre as orellas” dos visitantes, ou en palabras de Lisa BROCHU y Tim MERRIMAN (2004), a interpretación é un instrumento que facilita ás persoas establecer conexións intelectuais e emocionais; os CI deberían propiciar que ocorra “algo” no interior dos visitantes, que podan construír o seu propio coñecemento.

As funcións, para Carlos FERNÁNDEZ BALBOA (2007:125) serían: (i) dar a benvinda, (ii) presentar o lugar e as institucións que o xestionan, (iii) facilitar información sobre as normas de comportamento, (iv) orientar ás persoas para que a súa visita se axuste as súas expectativas, (v) sensibilizar acerca dos valores do lugar, e (vi) facilitar información que lles permita colaborar na conservación e mellora do mesmo. Jorge MORALES (2001:262) sinala que son un elemento de enlace ou transición entre seu medio habitual e un espazo probabementen-

te descoñecido, coincidindo con Jaume SUREDA, Francisco J. GUERRA y Margarida CASTELLS (2008:87) que os consideran o punto de partida para penetrar no territorio, ao tempo que *“un medio ideal para aquelas persoas que non teñen tempo ou a oportunidade para realizar unha visita detallada, posto que lles proporciona as ferramentas fundamentais de comprensión do lugar”*. Unha boa interpretación, ou un bo CI, consegue que *“a audiencia regrese, que comparta o seu entusiasmo sobre a experiencia cos amigos, e que permaneza máis tempo a próxima vez”* (Lisa BROCHU y Tim MERRIMAN, 2004:19). Os CI teñen como misión converter ao visitante nun axente motivado e receptivo porque entende o **por que** e o **como** conservar ese patrimonio.

Mais non podemos obviar que os CI tamén poden ser un perigo. Jorge MORALES (2001:259) recórdanos que os CI non son a unidade fundamental para interpretar un espazo, porque non sempre permiten o contacto directo co recurso, e porque a maioría limitase a informar, proporcionando contidos estancos e con recursos tecnolóxicos que acaban enmascarando a mensaxe. Os problemas máis frecuentes son: (i) non responden a unha planificación previa (localización, accesibilidade, servizos etc.) acaban sendo un problema, (ii) existen moitos exemplos de malgasto<sup>1</sup>, con custosísi-

<sup>1</sup> Os orzamentos dos últimos CI proxectados pola Xunta de Galicia (CI das Illas Atlánticas en

mas infraestruturas, (iii) moitos promotores gastaron seus orzamentos na construción do edificio sen reservar fondos para o seu funcionamento, polo que permanecen pechados, (iv) pechados como aqueles outros que o custe de mantelo aberto supera os recursos económicos da institución, (v) algúns teñen demasiada información e pouco relevante (Fotos 3 e 4), e (vi) outros son copias case exactas doutros CI, polo que non reflicten as súas singularidades.



Foto 3: Paneis exteriores no Centro de Interpretación Avifauna en Outeiro de Rei (Lugo)

Foto 4: Paneis da exposición no Centro de Interpretación Aquis Querquennis, en Bande (Ourense)

Vigo-Pontevedra, e CI dos Espazos Naturais de Galicia) superan 6 millóns de euros.

É alarmante a cantidade de iniciativas que se desenvolven e que non corresponden a unha planificación de uso e xestión do recurso; e máis alarmante é a cantidade que pechan unha vez inaugurados (Jorge MORALES, 2001:260; Santos MATEOS, 2003:8; Pablo MEIRA y Araceli SERANTES, 2005:54; María MUÑOZ e Javier BENAYAS, 2006:6; Antón LOIS, 2006:7; Araceli SERANTES, 2010a:188). Resulta tan escandaloso o problema que até se denuncia nos medios de comunicación. O escritor galego Manuel RIVAS así o facía recentemente no xornal *El País* (20/09/2012); considera esta “moda” unha característica deste período de malgasto, *“coincidiu a moda coa época do desbalde orzamentario, cando había cartos ou parecía que os había”* e, con sorna, sinalaba as ocorrencias de moitos políticos que vían que *“o que lle fai falta ao monumento (ou o que sexa) é un centro de interpretación do monumento”*. No mesma liña Antonio BURGOS (ABC, 12/09/2012) di que a creación de CI absurdos non ten ideoloxía: foron promovidos por todos os partidos políticos. J.M.NIETO o reflicte en *El*

*Mundo*, cunha expresiva banda deseñada (Ilustración 1).

## Caracterización dos Centros de Interpretación en Galicia: localización

Galicia, recoñécese como Comunidade Autónoma do Estado no ano 1981. Localizada ao noroeste da península ibérica, está dividida en catro provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) e en 315 municipios, dos que só 22 teñen máis de 20.000 habitantes e 199 menos de 5.000. Súa poboación caracterízase por concentrarse na franxa litoral, quedando o interior practicamente despoboado. A economía galega céntrase no sector terciario, aínda que o sector primario (pesca e actividades agro-forestais) segue a ter un peso importante. O turismo tense desenvolvido máis tarde que noutras comunidades, concentrándose na costa e en Santiago de Compostela, capital administrativa.




Ilustración 1: Centros de Interpretación vistos por J.M. Nieto (El Mundo)



En Galicia, os CI son un fenómeno bastante recente e, ao tempo, son numerosos (excesivos?). Os pioneiros estaban ligados á declaración dos primeiros Espazos Naturais Protexidos (ENP) e foron financiados desde a Administración autonómica. Moi pronto xurdirán outros centros ligados ao ámbito da educación ambiental, da divulgación

do patrimonio arqueolóxico e do desenvolvemento local; os máis recentes son os vinculados co turismo. A diferenza dos primeiros, estes foron financiados case na súa totalidade con axudas europeas, a través de fondos destinados á conservación, o desenvolvemento e a valorización. Presentamos 153 experiencias (Mapa 1).



Mapa 1: Localización dos Centros de Interpretación en Galicia (Elaboración propia).



No mapa localizamos as experiencias nos seus municipios e sinalamos súa temática principal, que dividimos en en 6 tópicos: (i) de carácter cultural e etnográfico, (ii) relacionados cun sector económico ou actividade industrial, (iii) centrados nun produto ou nunha actividade artesanal de carácter local, (iv) de contido arqueolóxico e/ou histórico, (v) referidos ao patrimonio natural, ou (vi) de temática urbana. Sinalamos tamén nunha única categoría aqueles ou-

tros que no momento do mostreo estaban inaugurados mais permanecían pechados, ou os que tiñan aprobada a licencia de obra, e estaban en proceso de construción ou rehabilitación, e aqueles outros que presentaron seus proxectos a institucións para ser financiados: representan case un cuarto das iniciativas, o que constitúe un verdadeiro problema e é fonte de numerosas críticas por parte da poboación local e de outros profesionais.

1. Aula Activa do Mar	52. C.I. Castelo da Concepción	103. C. Interpretación do PN Monte Aloia
2. Aula do Mar	53. C. I. Castelo da Rocha Vella	104. CI PN Serra do Xurés e Baixa Limia
3. Aula da Natureza dos Ancares	54. C. Interpretación dos Castros	105. CI do Pemento Branco
4. Natureza das Brañas de Valga	55. CI cultura castrexa Castromao	106. C de Interpretación da pesca fluvial
5. Aula da Natureza Cabo Udra	56. C. Interpretación Castro de Baroña	107. C. Interpretación do Pico Sacro
6. Aula da Natureza Casa da Ría	57. C. Interpretación Castro Cociñadoiro	108. CIR da Biosfera Insuas do Miño
7. Aula da Natureza da Fonsagrada	58. C. de Interpretación da cerería, Favum	109. CIRA-C.I. da Ría de Arousa
8. Aula da Natureza de Guitiriz	59. C. Interpretación do Cogumelo	110. CI. Río Eo e do bosque da Marronda
9. Aula da Natureza Illa de Fillaboa	60. Centro de Interpretación da Conserva	111. CI das Ribeiras do Louro
10. A.N. Juan Lembeye-Jardín Botánico	61. C.e Interpretación do Contrabando	112. CI e rexeneración P.natural autóctono
11. Aula da Natureza Moreda do Caurel	62. Centro de Interpretación O Corgo	113. CI de San Cibrao de Lás
12. Aula da Natureza de Oira	63. C. I. do Dolmen de Dombate	114. C. Interpretación San Simón
13. Aula da Natureza dos Ollares	64. CIELGA	115. Centro de Interpretación A Tellería
14. Aula da Natureza do Pasatempos	65. C. Interpretación da Estación Decca	116. CI-Ecomuseo Terras de Azul Cobalto
15. Aula da Natureza Río Chelo	66. CI da electricidade de Ézaro	117. C. Interpretación Terras do Miño
16. Aula da Natureza San Cristovo	67. Centro de Interpretación da faba	118. C de Interpretación da Torre do Bolo
17. Aula da Natureza de Trives	68. C. Interpretación forestal	119. CI da Torre de Hércules
18. Aula Etnográfica do Mar	69. CI naufraxios, faros e sinais marítimas	120. CI das Torres Arzobispales
19. Barco M. Bonitero Reina del Carmén	70. Centro de Interpretación Fluvial	121. C. Interpretación da Vida Monástica
20. Casa das abellas	71. C. Interpretación fluvial do río Umia	122. CI da vila romana de Toralla
21. Casa da castaña	72. CI das Fragas do Eume	123. CI do viño da Ribeira Sacra
22. Casa da enerxía	73. C Interpretación do galo de curral	124. CI do xacemento romano
23. Casa do Mel	74. C. Interpretación da Illa de Ons	125. CI dos xogos populares
24. Casa dos mosaicos	75. CI da Historia de Láncara	126. Centro Etnográfico Terra de Montes
25. Casa do Salmón	76. CI da Historia de Moeche	127. Eco-Museu de Costa da Égoa
26. Caseta de Pepe do Cuco	77. CI histórica de Vilamosteiros	128. Ecomuseo Forno do Forte
27. Castro de Vigo	78. C.I. Histórico Cultural Santa Leonor	129. Ecomuseo do queixo do Xurés
28. Centro Arqueolóxico Areal-Salinae	79. CI intermareal, da pesca e da salga	130. Ecomuseo Torres do Allo
29. C. A. Barbanza-Castro Neixón	80. C. Interpretación do Invernadeiro	131. Museo da Auga
30. Centro Arqueolóxico Caeira	81. C. Interpretación da Lagoa de Antela	132. Museo do Campo
31. C. Arqueolóxico Federico Maciñeira	82. CI Lagoa de Cospeito	133. Museo Casa do Pescador
32. Centro Arqueolóxico Tourón	83. C.I. Lagoas de Xuño-S.Pedro d Muro	134. Museo O enredo do abelleiro
33. C.Divulgación Arqueolóxico Municipal	84. CI da Lamprea e o Viño	135. Museo Etnográfico Casa do Patrón
34. Centro de Divulgación das abellas	85. CI do medio Rural da Portela	136. Museo etnográfico da Limia
35. C. Divulgación do Queixo e do Mel	86. CI das Minas de San Fins	137. Museo etnográfico e do viño
36. Centro da Identidade Galega	87. CI do Mosteiro de Carboeiro	138. Museo do Liño
37. Centro de Información das Illas Cies	88. CI Muíño do Pozo de Cachón	139. Museo do Mar
38. C. de Información Xudía de Galicia	89. C.I. Muíños de Auga Costa da Morte	140. Museo Marítimo Seno de Corcubión
39. C.I. Ambiental de Compostela	90. Centro de Interpretación da Muralla	141. Museo do Moucho
40. C de Interpretación dos Andrade	91. Centro de Interpretación Museística	142. Museo Os Muíños de Acea de Ama
41. Centro de Interpretación Avifauna	92. C.I. Natureza A Siradella	143. Museos Muíños de Mareas A Seca
42. C. Interpretación Aquis Querquennis	93. CIN PN Serra de Enciña da Lastra	144. Museo da Natureza
43. C.I. Arqueolóxica San Roque	94. CI do Oleiría de Gundivós	145. Museo Pazo do Mel-Casar Vizcaia
44. C. Interpretación da Batalla de Rande	95. Centro de Interpretación do olivo	146. Museo do Viño
45. C.I. de Berobreo	96. CI Parques e Xardíns de Compostela	147. Naturnova
46. Centro de Interpretación das Burgas	97. C.I. dos Parques Naturais de Galicia	148. P. Arqueolóxico da Arte Rupestre
47. C. Interpretación Cabo Priorido	98. C.I. do Patrimonio de Castrelo do Val	149. Parque Etnográfico do Arenteiro
48. Centro de Interpretación Caldoval	99. CI do Patrimonio Local Taboexa	150. PE dos Batáns de Mosquetín
49. CI. e Información do Camiño Norte	100. CI do Patrimonio Cultural	151. Parque Etnográfico do Río Arnoia
50. C. I. do Camiño de Santiago	101. CI. Patrimonio e a paisaxe A Capela	152. Parque Etnográfico do Sesin
51. C. de Interpretación da Carballeira	102. CI do P. Nacional das Illas Atlánticas	153. Reciclaterra

Respecto a súa localización, non hai unha relación directa entre o emprazamento e os destinos turísticos máis frecuentes<sup>2</sup>: só o 23,02% dos centros o estarían; en contraste, moitos deles creáronse para potenciar o desenvolvemento turístico de zonas que son pouco demandadas polos visitantes. Quizás este recurso podería dar resposta a ese sector de turistas máis autosuficientes e esixentes que fragmentan as súas vacacións en curtos períodos de tempo, xa que en Galicia a estadía media é de 2,28 noites e só o 54,60% o fai con reservas previas, e xestionan a súa viaxe “in situ” (INE, 2008).

A maior parte dos CI atópanse nas provincias da Coruña (38%) e Pontevedra (25%); Lugo conta con menor oferta (16%). Mais se consideramos a afluencia de turismo por provincia (INE, 2008) (Gráfico 1), parece sobredimensionado o número de CI que teñen as provincias de Ourense e Lugo, fundamentalmente esta primeira. Por esta razón cabería pensar que os destinatarios destes CI serían a poboación local ou limítrofe en vez dos turistas.

Se temos en conta o emprazamento respecto da distribución da poboación (Mapa

<sup>2</sup> Os 16 destinos con maior afluencia de turismo, segundo o Anuario Económico de La Caixa (2009) son, por orden de afluencia: Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Sanxenxo, O Grove, Ourense, Lugo, Ferrol, Pontevedra, Oleiros, Ribeira, Culleredo, Poio, Vilagarcía de Arousa, A guarda e Baiona.





Gráfico 1: Comparación entre CI e número de turistas por provincia (Elaboración propia).

2), comprobamos que a maior porcentaxe atópase en municipios e comarcas pouco poboadas (Táboa 1): o 62,09% localízanse en municipios con menos de 10.000 habitantes, con economías baseadas no sector primario (agricultura e gandería) e servizos (hostalería). Trátase, en xeral, de zonas de interior, desde as que se pretende dinamizar o turismo como unha actividade complementaria, en base a seus recursos naturais. Estamos a falar de ofertas de turismo rural, de natureza, de montaña, deportivo, bioturismo, de aventura, activo, de balneario, de saúde o de ecoturismo. Esta oferta parece coherente se temos en conta os estudos sobre as actividades realizadas polos turistas que, por orde de importancia, serían: descanso, visitas a

Poboación 2008	nº C. Interpretación
<5.000	60
5.000-10.000	35
10.000-20.000	20
20.000-50.000	15
>50.000	23

Táboa 1: Localización dos CI respecto á densidade de poboación do municipio (INE, 2008. Elaboración propia).



Mapa 2: Localización dos Centros de Interpretación atendendo á densidade de poboación dos municipios (Elaboración propia).

monumentos e museos, visitas a reservas naturais e parques, compras, lectura e sendeirismo (DEPARTAMENTO DE ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA, 2005). Cabe destacar tamén a importante oferta de CI en municipios de máis de 20.000 habitantes (24,83%) que son os que reciben a maior afluencia de visitantes.

Neste estudo resulta tan interesante coñecer a localización dos CI respecto a súa contorna (espazos naturais, rurais ou urbanos) (Gráfico 2), como coñecer a súa localización respecto ao recurso a interpretar (no mesmo enclave, cerca ou lonxe) (Gráfico 3). A maioría dos centros están localizados en espazos habitados (rurais ou urbanos, o 74%), o que potencialmente os




Gráfico 2: Localización dos CI na contorna (urbana, rural ou natural) (Elaboración propia).

fai máis visibles e accesibles aos turistas. Tamén é positivo que a maior parte estea no mesmo lugar onde se atopa o recurso ou nun emprazamento próximo (72%); resulta difícil argumentar que a localización dun CI non estea na contorna do recurso, porque neste caso é difícil que favoreza a interpretación do mesmo. Nesta liña, Don ALDRIDGE (2005:14-15) asegura que *“explicar o significado dos obxectos dun museo é xeralmente máis difícil que interpretar un lugar, xa que foron sacados das súas raíces e as veces non se coñece a súa orixe, e o máis probable é que perderan o seu significado orixinal”*; este autor distingue entre a función dos CI (conservar o que está fóra) e os museos (preservar as coleccións). Para ALDRIDGE (2005:20), a interpretación de sitio *“proporciona unha vía fácil para revelar o significado do lugar e así ofrecer aos visitantes do sitio unha experiencia colectiva que practicamente poda fomentar pensamentos conservacionistas, e por riba de todo, non trata de dicirle á xente que debe pensar”*.




Gráfico 3: Localización dos CI respecto ao recurso a interpretar (no lugar, na periferia noutro contexto) (Elaboración propia).

Galicia non escapou a “febre” de crear CI sen asegurar a súa viabilidade e funcionamento: el 22,88% están pechados ou en construción, e máis do 60% están inutilizadas, ao abrir as instalacións exclusivamente baixo demanda ou en horarios de oficina, polo que non están atenden as necesidades dos visitantes que acoden no seu tempo de lecer (fins de semana, festivos e feiras). Resulta máis alarmante a situación se temos en conta que a titularidade destas instalacións pechadas é en todos os casos de institucións públicas e foron creadas con fondos públicos: poñemos como exemplo 3 dos 18 centros xa inaugurados e pechados no momento do estudo (Fotos 5 a 7). É significativo tamén que municipios como Ourense, Vigo ou Santiago contasen con 2 ou máis centros pechados, ou mesmo que nos municipios do litoral, que teñen concentrada máis poboación e tamén máis CI pechados. Para Santos MATEOS (2003:8) esta “febre construtora” *“pode desembocar nun mal coñecemento das verdadeiras posibilidades e bondades*



Fotos 5 a 7: Exemplo de centros pechados: Casa da castaña (Riós, Ourense), CI das Gándaras de Budiño (Porriño Pontevedra) e CI e Rexeneración do Patrimonio Natural Autóctono (Ourense).

que ofrece esta disciplina como mediadora entre patrimonio e sociedade”.

Por último, respecto aos edificios, cabe sinalar tres posibilidades: que sexan de nova construción, que estean rehabilitados con tal fin ou que existiran as instalacións e foron adaptadas para albergar o CI (Gráfico 4). Podemos comprobar que o desembolso efectuado para crear novas edificacións ou rehabilitar edificios antigos (o máis frecuente son casas consistoriais e casas reitorais sen uso) é moi importante, xa que constitúen o 70% dos casos.




Gráfico 4: Tipo de edificios que aloxan aos CI: novos, rehabilitados ou adaptados (Elaboración propia).

## Caracterización dos Centros de Interpretación en Galicia: temática e recursos

Na súa orixe, os CI respondían a “unha visión do patrimonio como instrumento esencial para reforzar a conciencia nacional e para fortalecer a identidade” ou unha visión baseada “na valorización do patrimonio como conxunto de bens a levar para que podan gozalos as xeracións futuras” (Margalida CASTELLS, 2004: 15). A IP segundo esta autora debería servir, ou ben para enfatizar e singularizar eses rasgos que fraguaron a historia e a identidade do lugar, ou ben para preservar e achegar eses valores.

No caso de Galicia, os CI tamén se basean na valorización dun recurso patrimonial, moitas veces coa finalidade de fornecer a identidade ou conservar os recursos, mais haberían máis posibilidades. No noso estudo identificamos polo menos 5 **finalidades**, aínda que non sempre excluíntes entre elas: (i) colaborar e facilitar a xestión do recurso, (ii) informar, divulgar e educar

sobre o recurso, (iii) favorecer o desenvolvemento social a nivel local, (iv) potenciar o desenvolvemento económico, e (v) impulsar distintas estratexias para o desenvolvemento turístico (Gráfico 5). Atendendo a estas categorías, son máis numerosos os que perseguen fins relacionados co desenvolvemento (local, económico e turístico, 69%). No caso galego, os CI nos seus inicios estiveron moi vinculados a fins educativos e de apoio á xestión dos espazos, na actualidade non parece que sexa a finalidade principal (31%). Esta idea coincide coas reflexións de Don ALDRIDGE (2005:12) cando sinala que a IP estase a impregnar da “cultura rendible” que, devaluada polas forzas do mercado, cree que está a levar a un estado de “banarrota moral”. Con isto, non queremos dicir que os CI baseados no desenvolvemento socioeconómico ou turístico persigan exclusivamente unha rendibilidade económica, mais parece oportuno non esquecer os fins da IP.

Aínda que a maior parte dos centros non son temáticos, existe unha **temática** predominante<sup>3</sup>, que nos analizamos atenden-




Gráfico 5: Os CI galegos segundo a finalidade principal (Elaboración propia).

do a seis categorías: (i) de carácter etno-gráfico e vinculados coa cultura local; (ii) baseados nunha actividade produtiva ou industrial; (iii) valorizan produtos artesanais ou produción local; (iv) divulgan achados arqueolóxicos ou asociados coa historia local; (v) baseados nos valores naturais; e, (vi) relacionados coa ecoloxía, fundamentalmente coa problemática urbana (Gráfico 6).




Gráfico 6: Os CI galegos segundo a temática principal (Elaboración propia).

As experiencias máis numerosas están relacionadas cos valores naturais do lugar –especialmente naqueles casos que contén con algunha figura de protección– seguidos polos que interpretan xacementos arqueolóxicos ou patrimonio construído de valor histórico –son máis abondosos os primeiros–. Estas temáticas están como tema principal no 54% dos CI, máis aparecen reflectidas tamén noutros centros como rasgo ou tema secundario, fundamentalmente aqueles aspectos relacionados co medio natural. Hai que ter en conta



tamén que en Galicia os pioneiros na creación e promoción dos CI foron os responsables de xestionar os ENP e de divulgar os xacementos arqueolóxicos.

Son moi abondosos tamén os centros que se centran en aspectos etnográficos e relacionados coa cultura local, destes, os máis numerosos son os centrados nos muíños (9 centros); na mesma categoría consideramos como temática emerxente os adicados ao Camiño de Santiago, ben como tema principal (3) ou ben como un dos tópicos abordados (7). Respecto aos centrados en temas relacionados con actividades produtivas, sector económico, produción local ou artesanía (25% en total) están relacionados co mundo da pesca (12), coa produción agrícola ou gandeira de especies autóctonas (8), do mel (7), do viño e da olería (4), da produción enerxética (3) e do queixo, miñas ou explotación forestal (1).

Aínda é unha temática pouco experimentada a relacionada coa vida na cidade e a ecoloxía urbana. Só dous centros basean seus servizos nestes contidos, sendo a súa finalidade de carácter educativo e demostrativo (Fotos 8 e 9).

Respecto á temática dos centros pechados ou en construción (Gráfico 7), o 50% deles céntranse nos valores do medio natural (17); aínda que numericamente sexa inferior os relacionados coa historia e arqueoloxía (10) porcentualmente tamén son moi significativos,



Fotos 8: Reciclaterra (Ferrol)



Fotos 9: Centro de Interpretación Ambiental (Santiago de Compostela).

o mesmo ocorre cos relacionados co sector económico (5). Os centros que permanecen abertos están relacionados coa cultura e etnografía (só 2 pechados) e co artesanía e produtos locais (1). Os 2 relacionados coa ecoloxía urbana están abertos.





Gráfico 7: Porcentaxe de centros pechados ou en construción atendendo a súa temática (Elaboración propia)

Se temos en conta as dúas variables, finalidade dos CI e temática principal (Táboa 2) podemos caracterizalos como: os CI de contido cultural, etnográfico, histórico e arqueolóxico teñen como finalidade principal o desenvolvemento turístico ou local; os baseados en actividades industriais, produtivas e artesanais teñen como finalidade o desenvolvemento económico; os adicados á divulgación e valorización do medio natural teñen como fins educativos ou de apoio á xestión; e, os de contidos ecolóxico e urbano perseguen obxectivos de carácter educativo.

Resulta interesante comprobar como están distribuídos a nivel provincial por temática (Mapa 3). A provincia da Coruña lidera os CI de temática industrial ou relacionados coa produción económica, mentres que a de Lugo, comparativamente, ten un perfil naturalístico, que é moi significativo tamén na da Pontevedra; isto resulta rechamante porque Lugo non conta con ningún Parque Natural, fronte a Pontevedra que conta con un máis un Parque Nacional. A provincia de Ourense é a que máis aproveita as singularidades e os sinais de identidade



Mapa 3: Centro de Interpretación Ambiental (Santiago de Compostela).

relacionados coa artesanía e a produción local.

Lillian STEWART (1981) fixo unha proposta de clasificación dos **medios interpretativos** que chegou até os nosos días. Os clasifica en non persoais (sinais e marcas, publicacións, medos de comunicación de masas, sendeiros autoguiados, audiovisuais automáticos, exposicións e exhibicións) e persoais (percorridos e paseos,

	D. local	D.económico	turismo	xestión	educación
Cultural/etnográfico	12	2	12		4
Industrial/económico	6	13	9		1
Artesanía/producto	3	6	1		
arqueoloxía/historia	13		17	1	5
Natural/ENP	3		9	13	18
Ecoloxía/urbanos					2

Táboa 2: Os CI galegos segundo a súa finalidade e a temática principal (Elaboración propia).

audiovisuais, persoal especializado, animación e servizos casuais) (Jorge MORALES, 2001:146). Nos CI atopamos exemplos da maior parte destes medios, mais entre todos eles son as exposicións e as exhibicións<sup>4</sup> con carácter permanente as que teñen maior presenza; de feito, unha das críticas xeralizadas ten que ver coa escasa ou nula inversión en actualizar ou substituír os paneis, maquetas ou outros medios ilustrativos.

Para analizar as características das exposicións tomamos como referencia as categorías propostas por Michael BELCHER (1997:85-86):

- *Interactivas*: as que requiren a involucración do espectador en actividades intelectuais ou físicas. Baséanse no principio de persoa-mostra e non están pensadas para grupos.
- *Reactivas*: as que comezan a funcionar, se iluminan ou falan ao detectar a presenza dos visitantes (Foto 10).
- *Dinámicas*: as animadas por medios mecánicos ou as manipuladas polos visitantes.
- *Centradas no obxecto*: as que non teñen tema, senón que presentan unha

serie de obxectos dalgunha forma interrelacionados.

- *Sistemática*: as que utilizan como punto de partida un criterio para abordar o tema.
- *Temática*: as que contan unha historia e teñen unha liña argumental que ilustra con obxectos e recursos. É o tema o enlace dos obxectos.
- *Participativa*: as que requiren que os visitantes usen o tacto, o ouvido, experimenten, debuxen, opinen... (Foto 11)

No Gráfico 8 recolleemos os tipos de propostas expositivas nos CI, polo que hai unha porcentaxe de centros (10,46%) que



Foto 10: Exemplo dunha exposición reactiva (Centro Histórico Cultural Santa Leonor, Povra de Trives-Ourense),

Foto 11: Exemplo dunha exposición participativa (CI do xogo, A Capela-A Coruña).

4 En IP enténdese por exposición calquera obxecto ou colección que ilustra ou explica un tema, e por exhibición calquera representación bidimensional ou tridimensional que utiliza medios ilustrativos ou efectos especiais para desenvolver o tema (Jorge MORALES, 2001:150).




Gráfico 8: Tipo de exposicións nos CI galegos (Baseado en M. BELCHER, 1997. Elaboración propia).

non quedan reflectidos porque carecen destes medios.

Obsérvase que a maior parte das exposicións (73%) son do tipo “centradas no obxecto” –porque non teñen tema, senón que presentan distintos tópicos relacionados co recurso– ou de carácter “temático” –porque se centran nun tópico que serve de fio condutor, e presentan diversos obxectos para ir afondando nas súas características–; no primeiro caso, e se temos en conta autores como Sam H. HAM (1992), non se trataría de contidos interpretativos, porque a interpretación ten que ser temática. En ambos os dous casos trátase de mera transmisión de información, na que os visitantes son receptores pasivos; as posibilidades de que provoque se establezan interconexións entre a experiencia previa das persoas que o visitan e os obxectos que se presentan é remota.

As propostas expositivas que requiren da participación das persoas visitantes son moi escasas (18%), aínda que sexan as

de maior potencial comunicativo e mellor efectividade á hora de estimular e implicar aos visitantes na conservación do patrimonio.

Por último, destacar que o idioma predominante nos medios dos CI é o galego (94,77%) que nalgúns casos, comparte protagonismo co castelán (8,50%); o número de CI que teñen a súa información exclusivamente en castelán é mínimo (5,23%). Poderíamos pensar que isto puidera constituir un problema, porque o 60% dos visitantes a Galicia son do Estado español, e só no 23,30% dos casos trátase de turismo interno (INE, 2008). Mais as queixas que se transmitiron respecto ao idioma non son significativas en ningún dos casos. Respecto ao turismo estranxeiro a porcentaxe maior de visitantes proveñen de Portugal, polo que a lingua dominante tampouco parece un obstáculo neste caso (16,70%) (INE, 2008).

## Algunhas conclusións

---

Podemos afirmar que polo seu número e distribución, os CI en Galicia constitúen un importante potencial para o desenvolvemento turístico sostible, entendido como o turismo que reporta beneficios aos po-boadores dun lugar cun baixo impacto negativo na súa cultura e no seu medio ambiente.

En Galicia, o mesmo que noutros países europeos e anglosaxóns, existen numerosos equipamentos “*concebidos como unha instalación multiusos con exhibicións interpretativas, programas audiovisuais e outros servizos públicos*” que reciben o nome, entre outros, de *Centros de Interpretación* nos que parece que primou a cantidade fronte á calidade (María MUÑOZ e Javier BENAYAS, 2006: 6). Neste momento contamos xa coas inversións máis custosas, as instalacións, agora, é o momento de potenciar unha *planificación estratéxica* de uso e servizos.

Os CI galegos poderían constituír un recurso valioso para valorizar o patrimonio e para desenvolver o turismo ao estar repartidos por todo o territorio, abordando temáticas moi heteroxéneas; consideramos que esta distribución é unha oportunidade para coordinarse con outras iniciativas e sumar sinerxías, porque permitiría promover produtos turísticos complementarios de maior alcance. Ademais, contan coa

vantaxe de estar localizados no mesmo lugar no que se atopa o recurso ou na súa contorna inmediata, o que permite realizar unha Interpretación do Patrimonio de calidade. Comprobamos que moitos dos CI están directamente ligados con plans de desenvolvemento turístico (31%), e os que teñen outra finalidade principal (educativa, apoio á xestión do recurso, desenvolvemento local ou económico), contemplan o desenvolvemento turístico como obxectivo secundario.

María MUÑOZ e Javier BENAYAS (2006: 6) no seu estudo sobre CI nos ENP sinalan que as taxas de uso son moi baixas (entre o 10 e o 12%); no noso caso non existen datos suficientes sobre número de visitantes á localidade e ao CI, aínda que creemos que sería bastante similar a este estudo. A realidade é que os CI non se coñecen, non se divulgan ou se fai con pouca eficacia; en moitos casos trátase de iniciativas de pequenas corporacións locais que teñen serias dificultades para darse a coñecer. É preciso facer un maior esforzo en “visibilizar” estes centros. Na actualidade ao non axustarse á demanda real, están sobredimensionados, polo que non é preciso facer máis inversións en crear novos centros, senón que é preciso proxectar estratexias para *visibilizar* os que xa existen.

Tampouco se está a aproveitar o seu potencial para presentar as características identitarias a nivel local, nin dos produtos senlleiros de alto interese para o turismo

(só o 7% céntrase nestes aspectos). A maior parte céntranse na divulgación de espazos naturais ou de interese histórico, facendo uso deles un sector moi concreto da poboación; Freeman TILDEN (2006) sinalaba no seu quinto principio a necesidade de presentar o “todo” e non partes illadas, ao tempo que é necesario dirixirse ao visitante como un todo e non como un especialista nunha faceta concreta do coñecemento. É preciso mellorar os contidos da maior parte dos CI, ou actualizalos por estar obsoletos, para que realmente poden mostrar o “alma” do lugar a un público non experto. Sería recomendable que estas novas exposicións e exhibicións potenciasen máis a interactividade e a participación dos visitantes.

Non hai xustificación posible para ter feito as millonarias inversións en crear ou rehabilitar infraestruturas para logo abandonalas e permitir que se deteriorenen.

A creación dunha *Rede Galega de Centros de Interpretación* permitiría realizar unha planificación conxunta de usos e servizos, a creación de novos produtos turísticos, a divulgación conxunta, o intercambio de profesionais e entre profesionais, a formación continua, a resolución colexiada de problemas comúns e a colaboración de cara a aumentar a calidade dos servizos, a satisfacción dos visitantes e a calidade de vida da poboación local.

## Referencias bibliográficas

- ALDRIDGE, DON (2005): “La interpretación como indicador de la convicción cultural”, *Boletín de Interpretación*, nº 12, pp. 11-21.
- BROCHU, Lisa e Tim MERRIMAN (2004): *La interpretación personal. Concetando su audiencia con los recursos patrimoniales*, Singapur, NAI-Interpress.
- CASTELLS, Margarida (2004): “Fortalecer la identidad y transmitir un legado: la propuesta del Algonquin Provincial Park”, *Boletín de Interpretación*, nº 10, pp. 15-17.
- FERNÁNDEZ BALBOA, Carlos (2007). “Museos y Centros de Visitantes. Espazos para acercarnos a nuestro patrimonio”, C. FERNÁNDEZ BALBOA (coord.), *La Interpretación del Patrimonio en la Argentina*, Buenos Aires, Rep. Argentina, Administración de Parques Nacionales, 123-134.
- FORUM BARCELONA (2004): *Dialogo Turismo, diversidad cultural y desarrollo sostenible*, Barcelona, España, Forum Universal de las Culturas [[www.barcelona2004.org/esp/banco\\_del\\_conocimiento/documentos/ficha.cfm?IdDoc=1448](http://www.barcelona2004.org/esp/banco_del_conocimiento/documentos/ficha.cfm?IdDoc=1448)]
- GONZÁLEZ, Ana, Laurentino BELLO e Norberto MUÑIZ (2000): “Orientación de la empresa turística del siglo XXI a los valores personales y los estilos de vida de los turistas” em *Cuadernos de Ciencias Económicas y empresariales*, nº 39. pp. 59-86.
- HAM, Sam.H. (1992): *Environmental Interpretation: A Practical Guide for People with Big Ideas and Small Budget*, Colorado, USA, North American Press.
- LOIS, Antón (2006): “Ponga un centro de interpretación en su vida (o en bajada)”, *Boletín de Interpretación*, nº 14, pp. 7-8.
- MARTÍN, Marcelo (2004): “Patrimonio y Sociedad. Interpretación y otras cuestiones en la planificación turística de las ciudades monumentales”, en *Boletín Gestión Cultural*, nº 8, pp.1-103.
- MARTÍN, Marcelo (2008): *La memoria está llena de olvidos. Apuntes para una interpretación del patrimonio en el Memorial los Merivales* [[www.scrib.com/doc/5001315/Articulo-Canal-de-los-Presos](http://www.scrib.com/doc/5001315/Articulo-Canal-de-los-Presos)]
- MATEOS RUSILLO, Santos (2003): “El peligroso éxito de los centros de interpretación. Una amenaza para la interpretación del patrimonio en España” en *Boletín de Interpretación*, nº 8, pp. 7-9



- MEIRA, Pablo e Araceli SERANTES (2005). "Sobre cultura e cultura ambiental: os "centros de interpretación" invaden Galiza", *Interea visual*, nº 5 (setembro), pp. 54-60.
- MERRIMAN, Tim (2000): "Interpretación del patrimonio como un producto de valor añadido" en *El Intéprete*, agosto, pp.: 6-10.
- MORALES, Jorge (2001): *Guía práctica para la Interpretación del Patrimonio. El arte de acercar el legado natural y cultural al público visitante*, Sevilla, España, Junta de Andalucía.
- MUÑOZ, María e Javier BENAYAS (2006): "Avance de un estudio sobre centros de visitantes en España" en *Boletín de Interpretación*, nº 14, pp. 5-7.
- SERANTES PAZOS, Araceli (2010a): A interpretación do patrimonio. Bases e recursos, en C. VALES (Coord), *Manual de gestión de áreas protegidas para los países lusófonos*, A Coruña, España, CEIDA y Fundación Biodiversidad, pp. 167-194.
- SERANTES PAZOS, Araceli (2010b): "Interpretación del Patrimonio, Turismo y Espazos Naturales Protegidos o como comunicar el legado natural a nuestros visitantes", *TURyDES Revista de Investigación en Turismo y desarrollo local*, nº8, 1-39.
- SUREDA, Jaume, Francisco J. GUERRA e Margalida CASTELLS (2008): *Interpretación del Patrimonio. Diseño de programas de ámbito municipal*, Barcelona, España, UOC.
- TILDEN, Freeman (2006): *La interpretación de nuestro patrimonio*, Sevilla, España, Asociación para la Interpretación del Patrimonio
- UZZELL, David L. (1998): "Interpreting Our Heritage A Theoretical Interpretation", D.L. UZZELL; R. BALLANTYNE (eds.), *Contemporary Issues in Heritage and Environmental Interpretation: Problems and Prospects*, London, England, The Stationery Office, 11-25.
- WALKER, Rob (1997): *Métodos de investigación para el profesorado*, Madrid, España, Morata.